

	IES MARÍA CASARES. <b>Departamento de Bioloxía e Xeoloxía</b>			2024-2025
	MATERIA	XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS		
	CURSO	2º BACH	HORAS SEMANAIS	4

### BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

Esta materia busca concienciar, a través da evidencia científica, sobre a importancia crucial da adopción dun modelo de desenvolvemento sustentable como forma de compromiso cidadán polo ben común. Promoveranse os estilos de vida sustentables cun enfoque centrado nas aplicacións cotiás dos recursos da xeosfera e da biosfera e a importancia da súa explotación e consumo responsables. Ademais, fomentárase a participación do alumnado en iniciativas locais relacionadas coa sustentabilidade, co que se lle proporciona a oportunidade de desenvolver o espírito emprendedor, así como as destrezas para aprender de forma independente.

### CONTIDOS

Os coñecementos da materia están recollidos nos seguintes sete bloques de contidos: «Experimentación en xeoloxía e ciencias ambientais», «A tectónica de placas e xeodinámica interna», «Procesos xeolóxicos externos», «Mineraloxía», «Petroloxía», «As capas fluídas da Terra» e «Os recursos e a súa xestión sustentable».

### METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía activa que potencie a ensinanza construtivista. As estratexias metodolóxicas principais serán as seguintes: exposicións do profesorado sobre o tema usando presentacións e o libro de texto, uso de libreta de aula e de prácticas de laboratorio, visualización de vídeos didácticos, exposicións orais, de xeito individual ou en grupo, realización de Proxectos e saídas ao medio con exploración activa da realidade.

Potenciarase un enfoque de traballo práctico e conectado coa realidade, buscando a interdisciplinariedade, e a participación en iniciativas relacionadas coa sustentabilidade.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	70%
Outros instrumentos de avaliación	30%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA</b> A nota de Xuño será a media da nota obtida nas tres avaliacións	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b>	A nota será a dunha proba global extraordinaria da materia.

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Esta é unha materia da modalidade de Ciencias dirixida a aqueles alumnos interesados en estudos superiores relacionados coa Ciencias Xeolóxicas, Ciencias Ambientais, Enxeñaría Ambiental, Xeografía e Ordenación do Territorio...

Se desexas máis información podes acceder a través da páxina do IES María Casares aos requisitos de acceso dá calquera grao no que teñas interese. Debes seguir o seguinte itinerario: *IES María Casares / Departamento de Orientación / Orientación / Universidade / Graos / Entrar na rama de coñecemento de interese / Requisito de acceso.*